

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ORDE do 16 de maio de 2008 pola que se declara a existencia da praga da pulguiña do carballo (*Altica quercetorum* Foudr.) nalgunhas zonas de Galicia.

No pasado ano detectouse en zonas concretas das provincias de Lugo e Ourense unha proliferación anormal da pulguiña do carballo (*Altica quercetorum*. Foudr.), coleóptero da familia dos crisomélidos, que se alimentan de tecidos foliares e que, ben que producen principalmente unha depreciación estética, poden inducir ao debilitamento dos pés, o que podería ser aproveitado por outras pragas ou enfermidades para atacalos de xeito máis sinxelo.

É importante, polo tanto, evitar que os previsibles ataques deste insecto acaden unha elevada intensidade por segundo ano consecutivo, o que fai necesario a declaración de praga, para restituír a poboación da pulguiña a unha situación admisible por medio de tratamentos que minimicen os danos directos ou indirectos que poida causar.

A Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal, artella as actuacións en materia de sanidade vexetal, tanto na prevención como na loita contra as pragas, do Estado e das CCAA. Na aplicación desta lei é competencia desta consellería a declaración da existencia de pragas no territorio galego.

Polo exposto en virtude do establecido no Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria, e no uso das facultades que me foron conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, DISPOÑO:

Artigo 1º.-Declaración de praga.

Declarar a existencia da praga da pulguiña do carballo (*Altica quercetorum* Foudr.) nos seguintes concellos das provincias de Lugo e Ourense:

a) Lugo:

Sober, Pantón, Monforte de Lemos, A Pobra do Brollón, Sarria, O Incio, Bóveda e Navia de Suarna.

b) Ourense:

Sandiás, Vilar de Santos, Rairiz de Veiga, Xinzo de Limia, Sarreaus, Trasmiras, A Merca e Barbadás.

Artigo 2º.-Medidas fitosanitarias.

Os propietarios de montes que, a xuízo da Consellería do Medio Rural se poidan ver afectados pola actuación desta praga, facilitarán a realización, por parte da Administración, dos traballos de prevención e extinción que esta considere necesarios, sen prexuízo dos tratamentos que os propietarios poidan desenvolver nos seus predios.

Artigo 3º.-Execución das medidas fitosanitarias.

A Consellería do Medio Rural levará a cabo os tratamentos fitosanitarios necesarios, sen lles repercutir aos interesados os gastos destes, segundo o disposto no artigo 19 da Lei 43/2002, de 20 de novembro, de sanidade vexetal.

Disposición adicional

Facúltase o director xeral de Montes e Incendios Forestais para ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2008.

Alfredo Suárez Canal

Conselleiro do Medio Rural



© Xunta de Galicia. Información mantida e publicada na internet pola Xunta de Galicia

[Oficina de Rexistro Único e Información](#) | [Suxestións e queixas](#) | [Aviso legal](#)

| [Atendémolo/a](#)